

Dende principios do 2011, está aberto ao público o **Centro de Interpretación dos Zapateiros en Vilanova dos Infantes**. Un centro no que se pretende dar a coñecer os antecedentes históricos do burgo medieval de Vilanova e explicar a incidencia económica e social que tivo sobre el a artesanía do calzado.

Ademais, o centro, instalado nun edificio que foi recuperado polo Concello de Celanova grazas á cesión que fixeron os herdeiros de don José Gómez, agocha no seu soto un enigma: a cova coñecida como San Vivián. Un lugar sobre o que, a falta de documentación, teñen aparecido diversas hipóteses que tentan explicar as súas orixes.